

Xuño 2017

## INFORMACIÓN 1ª REUNIÓN MESA NEGOCIADORA CONVENIO DISCAPACIDADE

**Lugar:** Sede da patronal AEDIS. Rúa Orense 26, andar 1, oficina 7, Madrid. Data: 21 de xuño de 2017

**Asistentes:** Polas organizacións patronais: AEDIS, FEACEM, CONACEE, CECE, E y G, ANCEE. Polo banco social CCOO, UGT, e CIG-ENSINO.

**Ante todo, temos que comunicar que o recollido neste resumo non aparecerá na acta, pois por proposta de CCOO, acordouse que as actas revisaranse e asinaranse ao remate de cada reunión e non incluírán máis que os acordos acadados e nunca declaracións de parte en evidente resposta ás diverxencias que tivemos con eles noutros convenios, por non incluír as nosas intervencións e término denunciado, cousa que non gustou. Isto é un claro exemplo de “transparencia total”... E, claro, está apoiada polo resto de organizacións, sindicais e patronais.**

Os puntos tratados na reunión foron os seguintes:

- O banco sindical aporta certificación nova do Ministerio de Trabajo, que inclúe aos delegados de Cataluña, eleitos baixo un convenio propio situado baixo o paraugas do estatal, e que ratifica as porcentaxes de representatividade da parte social, deixando fóra desta Mesa, a pesar das súas queixas, a FSIE.
- Comunicábase que houbo acordo no SIMA o 17 de maio, tras a reclamación da organización empresarial CONACEE pola representatividade asignada na constitución da mesa. Resolveuse cedendo á mesma un vogal a organización AEDIS. A nova distribución queda: AEDIS – 6, FEACEM – 4, CONACEE – 2, CECE – 1, E y G – 1, ANCEE – 1.
- **As propostas de dinámica de traballo serán comezar polo fácil e que non xere conflito, recollendo no convenio as adaptacións á legalidade vixente.**
- **Acordouse fixar todas as reunións até finais de ano. Quedan así:**
  - 2ª: 21 de setembro
  - 3ª: 18 de outubro
  - 4ª: 16 de novembro
  - 5ª: 12 de decembro
- As reunións serán ás 10:30 horas na sede de AEDIS (R/ Ourense 26, 1º. Ofic. 7, Madrid)
- **Acórdase que na próxima reunión traballarase sobre os seguintes temas:**
  - **Contratación**
  - **Prevención**
  - **Formación**

CCOO comenta que xa tiveron reunións previas con UGT e adiantan os temas sobre os que habería que falar na negociación deste convenio, que serían:

- Complementos: CDP, nocturnidade,...
- Xornada de traballo e vacacións
- Permisos: retribuídos e non retribuídos (algúns deles)
- Excedencia voluntaria, Lactación e Incapacidade Temporal
- Retribucións, novo complemento de toxicidade e uso de vehículos
- Xubilación / redución de xornada

Na CIG-ENSINO salientamos a involución sufrida dende o IX Convenio. Destacamos que só durante a vixencia do XIII o persoal sufriu unha perda de poder adquisitivo dun 5,2%. E que dende o IX a perda de dereitos, por citar algúns, foron:

- Perda de días de vacacións, aumento da xornada, perda de trienios, de días de asuntos propios, perda de dereitos por hospitalización (3 ou 5 días en función dunha distancia de 250 quilómetros, en lugar da provincia) e perdas de dereitos en canto a roupa de traballo, mobilidade funcional, comisión paritaria, etc.

**As demandas da CIG-ENSINO emanan directamente das recollidas dos traballadores/ as nos seus centros de traballo. Representan a opinión da maioría deles na nosa terra, xa que somos maioritarios en Galiza, o cal débese ter en conta. Estas demandas, serían:**

- Recuperación do complemento de antigüidade
- Redución da xornada laboral
- Eliminación dos descontos por incapacidade temporal dende o primeiro día
- Recoñecemento de enfermidades profesionais
- Novos complementos de penosidade, perigosidade e toxicidade
- Recuperación dos días de asuntos propios
- Novos permisos retribuídos: asistir ao médico, titorías de fillos/as, etc
- Ampliación dereitos en excedencias
- Aplicar as mellores condicións ao persoal que traballa en distintos centros
- Recuperación do plus de gratificación
- Redución da xornada para maiores de 55 anos /adaptación do posto de traballo.

A CIG-ENSINO, polo que se puido intuír das declaracións da parte social, entende que poderíamos traballar nunha plataforma común, se fose posible, ou como mínimo traballar de forma paralela cara a un obxectivo común e irrenunciable para nós, que pasa pola recuperación dos dereitos perdidos, tanto salariais como laborais (como mínimo recuperar o XIII convenio colectivo, xunto co IPC perdido). **A unidade sindical non pode ser un fin, senón un medio.**

**O banco patronal comenta que aínda “non tiveron ocasión de xuntarse” para presentar na Mesa as súas liñas base.** Esperemos que estean na liña de negociar e non de impor, ou dilatar.

**A CIG-ENSINO fixo á Mesa unha proposta de cambio de denominación do nome do convenio adaptándose á terminoloxía actual: “XV Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con diversidade funcional”.** Intervén a representante da patronal FEACEM, no sentido de que este colectivo prefire a denominación actual, “persoas con discapacidade”, ademais que o nome actual é o recoñecido legalmente, polo que mudalo podería ter consecuencias de inseguridade xurídica. Houbo outros comentarios neste sentido por parte de CCOO, ou de que non podemos deixarnos levar polas modas, por parte de UGT. Dende a CIG comentamos que era unha demanda que proviña dalgunhas asociacións, se ben aceptamos mantelo en base a esas posibles complicacións legais. **Acórdase, e iso é o único recollido na acta que o nome do novo convenio será: “XV Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade”.**

E sen máis remata a reunión, que cualificamos negativamente polo que supón o desprazamento a Madrid para nós –a CIG ENSINO- e non negociar absolutamente nada, só fixar as negociacións deste ano e informar dun par de notificacións.

**Máis información: [www-cig-ensino.gal](http://www-cig-ensino.gal)**

## Os nosos locais

### **Santiago (Local Nacional)**

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.gal

### **A Coruña**

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.gal

### **Baixo Miño**

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.gal

### **Morrazo**

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.gal

### **Ferrol**

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.gal

### **Lugo**

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### **Ourense**

P. de San Lázaro 12, 4º  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.gal

### **Pontevedra**

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### **A Mariña**

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.gal

### **Val de Monterrei**

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.gal

### **Vigo**

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.gal

### **Salnés**

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.gal